



Curro de Soutelo (Cabeza de Manzaneda)

MANUEL CAAMAÑO SUÁREZ

Noia (A Coruña) 1936

Aparellador e Arquitecto Técnico pola Escola de Barcelona. Foi profesor asociado na Escola Universitaria de Arquitectura Técnica da Coruña (1975-2000). Traballou nas construtoras *Agromán* (1958-1961) e *Dragados y Construcciones* (1962-1999).

É patrón do Museo do Pobo Galego (dende 1977), da Fundación “Pedrón de Ouro” dende 1983 e presidente dela (2010-2012). Foi Vicesecretario do Centro Galego de Barcelo-

na (1958-1961); fundador da Mocidade Galega de Barcelona (1960); membro fundador do Partido Socialista Galego (1964) e da Fundación Castelao (1983); presidente da Agrupación Cultural “O Facho” (1966-1979); vicepresidente da Coral Polifónica “Follas Novas” (1967-1969); membro do consello de administración da Editorial “Galaxia” (1972-1980); fundador da Asociación Ecolóxica de Galicia, ADEGA (1976), da Sociedade Cultural “Escola Aberta” (1979) e da Aula coruñesa de Cultura “Lume” (1965). Participou na creación das publicacións *Vagalume* (1975), *Teima* (1976), *Tempos Novos* (1997).

Autor de diversas publicacións: *Pro e contra da liturxia en galego. Historia dunha polémica*, con Xosé M. Rodríguez Pampín (1980); *Sobre Galicia como responsabilidade* (1988); *A casa popular e As construcións adxectivas* (1999); *As construcións da arquitectura popular. Patrimonio etnográfico de Galicia* (2003); e *Dun tempo e dun país* (2006).

Académico correspondente da Real Academia Galega (2005); premio de investigación Antón Losada Diéguez, da Crítica Galicia (2003), e medalla de prata da asociación Setestrelas de Amigos do Castelo de Maceda (2010).



Aldea compacta nas Terras de Valdeorras




Rúa en Carballeda (Sobrado de Valdeorras)

Dorsal Galega e das Serras Orientais, localízanse en Ourense. Atravesando o río Sil, xa na provincia ourensá, encóntrase a Depresión de O Bolo e os Macizos de Manzaneda e Trevinca. O primeiro macizo acolle un espazo bravo e duro, coas Serras de Queixa, que ten elevacións de 1.700 m, San Mamede (1.300 m), O Burgo, As Corzas e os Montes do Invernadeiro, e o de Trevinca, o teito de Galicia con 2.124 m. Xa máis ao sur están as Serras de Larouco, O Xurés, Leboreiro e Montes do Quinxo, encadrados en territorios de media montaña.


As escasas poboacións das serras aséntanse en pequenas aldeas dispersas, de poucos habitantes, nas zonas de máis altitude (Xaquín Lorenzo, o sabio arqueólogo e etnógrafo ourensán, denominou a eses asentamentos no seu tratado etnográfico, “Etnografía. Cultura material”, “pobos empoleirados”), cunha xeografía máis benigna nas zonas de vales. Dado que o medio condiciona ás construcións, a casa-vivenda da serra, ben térrea ou de dous andares, é a tipoloxía presente en ambos territorios, construída cunha grande austeridade de formas, espazos e elementos construtivos, empregando como materiais case únicos ao xisto ou ao granito e á madeira de carballo ou castiñeiro, coa particularidade, case sempre, de levar unhas escaleiras exteriores que desembocan nun patín, corredor ou solaina, para acceder ao primeiro andar. Nas diversas casas-vivenda tiñan acubillo as dependencias precisas para a economía de autoconsumo: corte, adega en casos, palleira, pendello, almacén das cativas colleitas de millo (o hórreo é case inexistente) e dos produtos diversos derivados do porco e das manufacturas caseiras, como o queixo.

Nestas zonas cun medio físico pouco propicio para a vida humana, e polo tanto cun hábitat hostil, os seus habitantes crearon unhas arquitecturas singulares nacidas da necesi-

dade de obter recursos para poder satisfacer as necesidades vitais. Imos, pois, a facer uns apuntamentos delas, coa arela de persistir na atención que, cara a ese patrimonio nacido de necesidades urxentes para a vida facareña e austera das comunidades das serras, se lle presta. Os *curros*, os *foxos*, os *socalcos*, as *adegas-cova* e os *sequeiros*, construcións que personalizan, entre algunhas outras, as serras ourensás, mergulladas nunha cultura popular que ofrece múltiples expresións e nas que se manifesta unha notable riqueza arquitectónica e etnográfica.



Casa-vivenda en Sobrado de Valdeorras, Carballo. Serras surorientais e meridionais



Planta térrea

1. Corte 2. Adega



Planta primeiro andar

3. Cociña 4. Cuarto 5. Corredor



Casa-vivenda tipo en Castro Caldelas




Os curros

O pastoreo de cabras e ovellas (e en tempos máis recuados de vacas e cabalos) é unha das actividades económicas que se veu practicando nas aldeas que bordean as serras ourensás, sobre todo nos macizos de Manzaneda, de Trevinca, das Serras do Xurés e do Suído.

Os *curros* son espazos terreos ao aire libre, rodeados de muros, coa finalidade de servir de refuxio durante a noite a pastores e animais. Emprázanse en lugares protexidos do norte para resgardarse mellor da chuva, do vento e das xeadas, e procúrase que ese emprazamento teña auga próxima, que se sitúe en valgadas cunha certa pendente para así facilitar o corremento da auga e dos excrementos dos animais para fóra do recinto, así como o máis achegado posible a murallas rochosas, como é o caso do Curro de Placín, na parroquia do mesmo nome, no concello de Manzaneda.

A forma predominante é a rectangular curvada e, en casos, semicircular ou combinadas as dúas configuracións. Nunhas pescudas realizadas no ano 1999 polo arquitecto técnico Salvador Fernández Cardoso na Serra de Queixa, de once curros estudados a forma dominante deles era a rectangular curvada.

Construtivamente, os muros que circundan o recinto do curro están realizados con cachotería de granito ou de xisto en seco, dunha altura que oscila entre 1,70 e 2 m e un grosor de 0,90 m; a súa superficie abrangue entre os 250 m² e os 750 m². Na parte baixa do muro hai varios vans: un grande, para o acceso do pastor que se atranca de noite cunha cancela de táboas, e varios máis pequenos a rentes do chan chamados *gateiras*, de 70 x 70 cm, que serven de entrada e saída dos animais, vans que se pechan tamén de noite con sólidos bloques de pedra. Para completar a defensa do recinto, sobre todo do ataque dos lobos, coróase o muro con feixes de pólas de breixo que, ao secar os seus extremos, convértense en afiadas puntas que impiden o posible acceso dos danos lobos



Curro de Placín no lugar de Legua Pequena en Manzaneda (Ourense), protexido por un macizo rochoso



Curro de Placín (Manzaneda) e "gateira" do mesmo

ou a saída dos animais do rabaño ao exterior. Na parte máis alta do recinto había unha pequena edificación (chabola denominada Xaquín Lorenzo) que servía para descanso do pastor e para gardar os alimentos e outros enseres que puidera necesitar.

Cada parroquia posuía un ou dous curros e, segundo a época do ano, o pastor contratado polos veciños subía aos pastos cos rabaños de cabras e ovellas para alimentalos e estar coidando deles dende xuño a setembro.

Neste caso contaba cun axudante, o *costeiro*, que lle axudaba ao pastoreo na serra e se ocupaba de ir á aldea na procura da mantenza, o tempo que fora preciso en función do grandor do rabaño. O pastor, ademais da mantenza, percibía en diñeiro o que se houbera acordado coa comunidade veciñal.


Este considerábase o verdadeiro pastoreo das serras nos lugares onde se atopan os curros, lugares nos que o pastor coñecía moi ben a topografía, a flora e a fauna, dada a longa estadía que permanece neles. Había un sistema máis sinxelo de pastoreo, denominado das *veceiras*, no que o pastor contratado pola comunidade aldeán, chamado *figureiro*, recollía pola mañá cedo os animais e levábaos para a serra ata a anoitecida en que retornaba con eles á aldea.

No Proxecto de Fin de Carreira na Escola Universitaria de Arquitectura Técnica, titulado “As construcións




Choza apoiada nos penedos en Manzaneda

Detalle da cabana/choza do pastor



O curro das Lamas en Manzaneda na actualidade



populares no concello de Manzaneda”, realizado no ano 2000 polo hoxe arquitecto técnico Joaquín Vega Domínguez, catalogou os 23 curros existentes naquela demarcación: deles, 18 estaban abandonados e 3 en uso, o de Mosenda, da parroquia de Palleirós, o dos pobos de Cimadevila, Soutelo e Rozavales, e o de Guelianda (ou Acoval). Nunha revisión feita a pé de obra na actualidade o resultado é moi decepcionante, xa que algún deles restaurado fíxose tendo soamente en consideración a funcionalidade estando os restantes nun abandono total.

O caso singular dos chozos do Suído, no concello de Avión

Na Serra do Suído, espazo natural localizado nos límites das provincias de Ourense e Pontevedra, na que hai altitudes de ata 1.050 m, os *chozos* son unhas construcións que caracterizan ás poboacións pastorís estacionais e que serven de refuxio delas no tempo de coidar do gando para pastar na serra. A cada

chozo correspondía unha área de pasto enmarcada con lousas verticais chantadas no terreo onde, ademais del, había tamén un curro feito con rudos muros de cachotería e unhas construcións menores chamadas *cortellos*, destinadas a dar acubillo aos tenreiros e demais crías, e realizar labores de muxidoira dos animais de leite.

Aínda que *chozo* é o nome con que se coñecen os habitáculos tradicionais de uso temporal, o certo é que ese nome designa ao conxunto. A edificación é de pequenas dimensións, arredor de 20 m², e planta rectangular con rústicos muros de cachotería de granito. Algúns dos hoxe existentes, ademais dunha estrutura de cuberta común en todas as edificacións, uns poucos deles lévana dotada de arcos de pedra de medio punto ou en falsa cúpula para sustentala, rematada cunhas grandes lousas de pedra nas vertentes (poden ser de unha ou de dúas), de ata 1,45 x 0,95 m solapadas unhas sobre outras, tendo como remate nos pinches uns tornaventos de pedra, solución construtiva moi empregada nos hórreos.



Conxunto de Mangüeiro na Serra do Suído



Detalle dos chozos de Mangüeiro



Chozo de Abelenda


No ano 1983 Emilio Bejarano Galdino deu á luz o traballo “Los chozos: una arquitectura peculiar del Suído”, que permitiu afondar no coñecemento deses particulares curros. E no 2004, seguindo profundando neles, Estanislao Fernández de la Cigoña publica o exhaustivo estudo “As construcións primitivas dos pastores galegos. Chozos das Serras do Suído, Montemaior e Faro de Avión”, de tal xeito que a concienciación sobre estas orixinais construcións populares foi medrando e ata contaxiou aos poderes públicos.

No ano 1999, a sociedade civil “Agrupación de Veciños Independentes de Avión” solicitou a declaración dos *chozos* como Bens de Interese Cultural, e iniciou a creación dunha conciencia co fin de salvagardar ese patrimonio porque, dicían, “sería de lamentar que os *chozos* acabaran por desaparecer e con eles unha parte da nosa memoria histórica”. Hoxe en día están restaurados sete dos existentes, correspondentes ao concello ourensán de Avión, e creouse a “Ruta dos chozos”, itinerario que atrae a atención das xentes interesadas polo patrimonio popular. Especial interese dese roteiro téñeno os *chozos* de Mangüeiro, así como os de Abelenda, dotados con tres arcos, e os de Rodeiro.

Os foxos

O *foxo* é unha construción moi elemental e primitiva destinada a cazar o lobo. A súa existencia tense rexistrado na Prehistoria e segundo documentos monacais prodúcese unha eclosión deste patrimonio cara o ano 900 e dende aquelas datas hai constancia da súa presenza en Galicia e noutras zonas da Península Ibérica. Desde a época do arcebispo compostelán Diego Xelmírez, a igrexa era a responsable de mobilizar aos veciños das parroquias para que se organizasen para dar batidas ou corridas ao lobo.

O foxo consiste nunha trampa circular escavada no terreo que, ademais do lobo pode servir para cazar outros animais salvaxes como o porco bravo. O espazo arquitectónico que configura o foxo, moi integrado no medio natural, sitúase nas corgas e na parte máis baixa delas escávase un pozo cilíndrico duns 10 m² e de 3 a 5 m de altura e 0,50 m de grosor, cuxo perímetro se reviste de pedra. Do pozo arrancan dous muros que forman un estreito paso para logo



Esquemas de foxos de converxencia

formar un V que sube pola ladeira, chegando en casos a atinxir máis dun quilómetro de lonxitude cada un dos muros. O animal vaise conducindo a base de berros e ruídos producidos de diversa maneira ata o pozo, onde logo será morto a base de pedradas, de arma de fogo ou de paus.

Dentro deste tipo de foxo hai un modelo máis primitivo denominado “Foxo da cabrita”, consistente soamente no pozo ao que se atrae ao lobo ao seu interior co engado dos berros dun animal vivo, dun anaco de carne ou dun animal morto. Noutro caso este cóbrese de ramallos, toxos e fentos, para que o animal non vexa e caia nel.

Na rigorosa investigación realizada por David Pérez López, publicada no ano 2000 no libro titulado *Os foxos do lobo. A caza do lobo na cultura popular*, comprobou que hai como mínimo catro tipoloxías diferentes de foxo: ademais do citado anteriormente, modelo do que só encontraron mostras na Serra do Xurés, hai o “Foxo da Cruz”, tipoloxía das que menos

referencias se teñen, consistente en catro paredes de pedra perpendiculares que desembocan nun pozo central, dos que se rexistra un en Vilariño de Conso (del realizou un traballo Tomás Vega Pato titulado “O curro do lobo. Descrición dunha trampa tradicional para a caza do lobo (Cernado - Manzaneda)” publicado no núm. 2 da revista *Raigame*, e outro titulado “O lobo do pozo da xente. Tradición e licantropía en terras de Conso”, no núm. 5 da mesma revista), e outro en Bande; e o “Foxo de Convergencia”, feito a base de muros converxentes, a tipoloxía máis difundida, da que David Pérez rexistra nas súas investigacións un total de 17, dos que 15 deles están nas serras ourensás: 3 en Castrelo do Val e 3 en Laza; 2 en A Gudiña; e 1 en cada un dos concellos de Bande, Calvos de Randín, Chandrexa de Queixa, Monterrei, Melón, Os Blancos, Riós, Vilardevós e Vilariño de Conso, nas Serras do Xurés, Leboreiro ou Invernadeiro, entre outras altitudes.

O autor citado vén propugnando a restauración dos foxos que estudou e, nese sentido, téñense realizado traballos en varios deles, así como a celebración promovida pola “Asociación Carballos da Sementeira” de Bande de xornadas de coñecemento e divulgación dos foxos do Parque internacional Xurés-Gerés, enclavados en Galicia e Portugal.

Os socalcos

Os *socalcos* son plataformas creadas no accidentado terreo das ladeiras das serras para conquistar espazos destinados a cultivos agrícolas, fundamentalmente para a plantación de vides. A súa presenza data do tempo dos romanos e resulta moi notable dende os séculos XIV e XV, nos que tivo lugar o auxe do seu cultivo e o esplendor da produción e comercialización do viño. Segundo o lugar onde se localizan adoitán denominacións tan variadas como *arribadas*, *patas*, *paredós*, *muras*, *banqueta* ou *calzos*, anque a denominación de socalco é a máis estendida por todo o territorio galego.

Os terreos accidentados das ladeiras acollen estes espazos de cultivo distribuídos ao longo das curvas de nivel e orientadas case sempre ao mediodía para recibir o máximo de luz e de sol. Esta actividade económica é característica dos grandes vales ourensás



Socalcos e aldea no canón do río Bibei



Socalcos de A Ermida no concello de O Bolo

-vales dos ríos Miño, Sil, Bibei, Arnoia, Támea... -, onde ten unha notable implantación.

En función da pendente do terreo, as zonas transformadas para o cultivo poden oscilar entre pequenas bandas estreitas e irregulares, que só permiten unha fileira de cepas, ou bandas grandes que acollen ata catro ou máis fileiras. Construtivamente constan dun muro de contención feito de cachotería de pedra en seco -de xisto ou granito- duns 60-80 cms de grosor asentado sobre unha elemental cimentación, cunha altura que vai dos 80 aos 100 cms nos de bandas estreitas e ata os 4 m nas anchas. Estes terreos de cultivo intercomúnanse cunha mesta rede de camiños, ramplas e escaleiras, que nas ribeiras dos ríos Bibei en A Hermida, concello de O Bolo, ou nas vertentes do Miño e do Sil, conforman paisaxes de grande e espectacular beleza nos que se reflicte o esforzo realizado polo ser humano.

Durante moito tempo as plantacións de viñedos quedaron practicamente abandonadas, que en tempos actuais se recuperaron e creáronse outras novas onde foi posible. Todas elas puxéronse en uso por mor da valoración que están a ter os viños galegos, trátase da denominación de orixe de que se trate.


As adegas-cova das Terras de Valdeorras

A *adega* é o lugar onde se fai a elaboración do viño, se almacena e se conserva. Dela hai tres tipos fundamentais: as situadas no baixo da casa-vivenda, que é a máis común; a que vai nun edificio autónomo illado dela, con diferentes modalidades; e a *adega-cova*, escavada no terreo, modalidade que se dá fundamentalmente nas Terras de Valdeorras e tamén, aínda que cunha menor produción, noutras zonas ourensás como Manzaneda ou Larouco.

As *adegas-cova*, tamén chamadas minas, son unhas dependencias singulares creadas baixo terra, nun terreo xabregoso ou rochoso, aínda que tamén noutros terreos menos consistentes nas ladeiras dos vales. Nelas lógrase conservar nas mellores condicións de ventilación e frescura o viño e tamén outros produtos. A súa presenza prodúcese nas Terras de Valdeorras (O Barco, Vilamartín, A Rúa, Petín, Larouco) comarcas produtoras de viño dende tempos inmemoriais.




Escaleiras nos muros dos socalcos en Paradelas (Castro Caldelas)




Esquemas de socalcos con fileiras de viñedos

En lugares distantes poden ir nos baixos da casa-vivenda ou agrupadas. Hai varios tipos de covas feitas segundo a constitución do terreo: zonas de arxila composta ou de xisto, sen que precisen levar ningún tipo de reforzo; zonas areosas, nas que se fai necesario consolidalas con pedra e madeira nalgunhas partes; e zonas de baixa resistencia do terreo natural que obriga a reforzar partes da cova mediante revestimentos de paramentos e bóvedas. Atendendo a eses condicionantes de maior ou menor consistencia, a organización arquitectónica das covas presenta solucións diversas, tanto en tamaño como na disposición das súas partes.

Adega-cova de grandes dimensións en Arcos, Vilamarín de Valdeorras




Sección



Planta



Reforzo no interior da adega-cova nas Covas de Vilariño en Valdeorras



O LAGAR


Os elementos comúns que se acompañan en todas as solucións son a *entrada*, o *cano* ou *corredor*, onde se sitúan os *nichos* –pequenas covas nas paredes para ter os bocois de viño–, e o espazo final composto de *cova* e do *respiradeiro* ou *refolgadoiro*, anque hai diferenzas marcadas en lugares tan pouco distantes como A Rúa e Vilamartín. En moitas ocasións existe un espazo á entrada, chamado *antecova*, onde se sitúa o *lagar*, peza fundamental relacionada coa adega, que ten como misión a de estrullar o bagazo e facer con el o mosto así como a derradeira fase de tratamento para obter a augardente no pote. Case sempre vai integrado na adega precisándose dun espazo de boas dimensións.

Hoxe hai moitas delas –hai arredor dunhas 300 rexistradas na comarca valdeorresa– que están en funcionamento e, co obxecto de difundir a súa existencia e orixinalidade, así como de fomentar a comercialización do viño que se obtén na zona, dende o ano 2000 vense celebrando en Vilamartín de Valdeorras a festa denominada “Ruta das covas”, impulsada pola “Asociación de Coveiros” que no 2016 chegou á XXª edición, acompañada dende tempos máis recentes cunha celebración semellante en Seadur (Larouco) e O Castro (O Barco).



Aspecto do interior dunha adega-cova en Valdeorras

Adegas-cova moi deterioradas en Seadur (Larouco)
Fotografía de La Voz de Galicia




Agrupación de adegas en Portocamba (Castro do Val)




Adegavivenda en Santa María de Abeleda (A Teixeira), nas ribeiras do Sil




Portalón de entrada dunha cova-adega en Valdeorras




Alzado lateral



Alzado frontal




Planta térrea




Primeiro andar

Adegavivenda con canizo en Viana do Bolo



Sección

0 1 2m



Planta


O viño, e todo o que acompaña a súa obtención, leva cabo de si múltiples valores etnográficos. O refraneiro, o folclore, os costumes, os ritos dos traballos do pasado, ou os aspectos arquitectónicos aparecen con riqueza e orixinalidade arredor del.

Os sequeiros

As boas condicións ecolóxicas de Galicia permitiron dende tempos antigos a implantación do castiñeiro en case toda a xeografía galega e numerosos soutos cubriron o territorio desta árbore, que subministra boa madeira e un froito como a castaña que veu com-


plementar ao cultivo do millo e da pataca, base da alimentación dos galegos ata ben entrado o século XVIII.

Os *sequeiros* son edificios de sinxela arquitectura, propios das serras e dos ribeiros ourensán e lucense. Creados para protexer as castañas dos animais, e para almacenalas, tamén poden facer de vivenda temporal mentres están a traballar os seus donos nos labores da colleita, sacalas dos ourizos, transportalas e agardar ao seu secado no canizo. A maioría dos soutos están situados nos ribeiros dos ríos, e a xente que vive naqueles lugares ou ben ten o sequeiro dentro da casa-vivenda, nun edificio acaroado a ela,



- a. Pasadoiro e almacén de leña
- b. Cortello
- c. Lar
- d. Caniceira
- e. Cuarto

Sequeiro de dous andares con cortello e cuarto en Entrambasaugas (Castro Caldelas)





Sequeiro de As Carballeiras, aldea de Tranceda (Castro Caldelas)



Poboado de sequeiros na Pobra de Trives



Sequeiro na aldea de Pena Folenche (A Pobra de Trives)


ou illado no propio souto. Pola contra, cando vive na montaña e posúe algún nos souto na ribeira, na época da colleita vive temporalmente no sequeiro-vivenda que, en moitos casos, forma parte de poboados constituídos do mesmo xeito que se agrupan as casas

nas aldeas, como ocorre en poboados dos concellos de Castro Caldelas, Pobra de Trives ou Manzaneda.


Hai dous modelos de sequeiro: o máis simple, que vai dentro da casa-vivenda ou acaroado a ela, e outro moito máis complexo que vai nun edificio autónomo. Nesta modalidade o edificio aséntase nun terreo da movida topografía das bocarribeiras dos ríos e por iso en moitas ocasións se aproveita o desnivel para facer os dous andares que leva en moitas ocasións. Confórmase nunha planta rectangular pechada con muros de ruda feitura de cachotería, de granito ou de xisto, cun grosor de 0.60 a 0.80 m. Os únicos vans que levan son dúas portas, unha na planta térrea e outra no nivel do terreo que dá ao primeiro andar. No caso de que a edificación se asente nun terreo de movida topografía nas bocarribeiras dos ríos, os únicos vans que levan son dúas portas e unha fiestra para poder ter ventilación na parte superior onde vai o canizo.

A dependencia básica do sequeiro é a planta térrea onde hai unha lareira na que se fai lume para afumar as castañas que hai no *canizo* situado no primeiro andar. Pode haber tamén unha dependencia para durmir, e unha pequena corte na que están un ou varios porcos alimentados coas castañas defectuosas. No primeiro andar, ao que se accede pola porta superior, está o *canizo*, entramado de táboas cheas de buratos ou de fendas entre táboa e táboa, onde se poñen as castañas para recibir o fume procedente do lar da lareira. A carón del vai outra plataforma feita con grosos tableiros, onde se golpean as castañas xa curadas para despegarlles a casca. Rematada esa última operación os habitantes da serra emprenden o retorno a ela acompañados, se é o caso, de un ou máis porcos ben cebados pola alimentación recibida.

O mesmo que os hórreos, noutras zonas ourensáns, como ocorre en A Limia, fórmanse poboados de sequeiros nos que os edificios teñen moitas veces muros medianeiros, coa parte posterior axeitada á pendente do terreo de tal xeito que, con esa solución, se elimina un muro. Aínda se poden ver agrupacións nas Terras de Caldelas e de Trives, onde neste concello permanece un conxunto de numerosos sequeiros na aldea de Pena Folenche, parroquia de Santa María, que foi restaurado en parte hai pouco tempo, tal como se pode apreciar na ilustración adxunta.



*Conxunto de cinco sequeiros acaroados en As Carballeiras, Tronceda (Castro Caldelas):
a. Cortello
b. Cuarto e almacén de leña
c. Caniceira*



Cara inferior do canizo nun sequeiro

CODA

Acábase o espazo asignado, aínda que merecen seren citadas realizacións tan propias da zona como os muíños de aceite, os albares, os pombais, os fornos comunais, ou as pesqueiras. O patrimonio cultural que constitúen as construcións que se veñen de tratar superficialmente son moi ignoradas ou infravaloradas pola maioría dos galegos. As serras ourensás, cunha rica cultura popular que contén, é merecedora da atención dos estudosos da arquitectura popular e da etnografía. De certo que se observa unha conciencia ata non hai moito inexistente, sobre todo dende que o sabio ourensán Xaquín Lorenzo publicou o seu tratado “Etnografía. Cultura material”. E, como guieiro, e patrocinada pola Deputación ourensá, a revista *Raigame* divulgadora dende a súa fundación no 1996 de todo o que teña que ver coa cultura popular e a concienciación sobre ela. Varias son as mostras que delatan o labor teimoso e de amor a Galicia que foron saíndo á luz relacionadas co rico e orixinal patrimonio popular de Ourense. Cito os nomes de Tomás

Vega Pato, autor, entre outros traballos na revista, da magnífica investigación “Arquitectura Popular Ourenzá. Pechos de clausura simple e complementos / Encintados. Encalados e engadidos decorativos”; ou do aparellador Fernando Rodríguez Nespereira, estudoso das arquitecturas na Ribeira Sacra; ou o traballo que, coordinado por Xulio Rodríguez, veu a luz no 2013 no libro colectivo que recolle unha rigorosa radiografía da comarca da Alta Limia, publicado e promovido pola Fundación Barrié; ou o exhaustivo estudo xa citado sobre os foxos; ou o traballo que sobre “As Varandas de ferro dos corredores e balcóns do Ribeiro” publicaron, co rubro de *Raigame*, Clodio González e Xoán Ramón Marín, permiten anunciar que a toma de conciencia vai por bo camiño.

Nesta conmemoración do corenta aniversario da fundación do Museo do Pobo Galego, do que Xaquín Lorenzo foi fundador e presidente do seu Padroado, fago votos para que se siga traballando e matinando polo país, con saúde e boandanza como diría D. Ramón Otero Pedrayo.